

A valedora do Pobo entrega ao presidente do Parlamento o Informe Ordinario de 2017

Santiago, 13 de abril de 2018.- A valedora do Pobo, Milagros Otero Parga, entregou hoxe ao presidente do Parlamento de Galicia, Miguel Ángel Santalices Vieira, o Informe Ordinario elaborado por esta institución e correspondente ao exercicio de 2017.

Comeza, deste xeito, a tramitación parlamentaria do Informe, que previsiblemente será cualificado pola Mesa da Cámara o próximo martes, continuará cunha comparecencia da valedora ante a Comisión de Peticións e rematará cunha comparacencia da valedora ante o Pleno do Parlamento de Galicia.

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia.